

A visita a Frankfurt



DATOS DE INTERESE (E DE PEDANTERÍA DO SEGREDARIO)

Situación: ó carón do río Main (afluente do Rin)

Hab.: 650 000 aprox.

Famosa polas súas feiras (datan do 1240) e por ser un centro bancario de extraordinaria importancia. É a sede do Banco Central Europeo.


Patria de Ana Frank

Tamén é famosa polas salchichas, claro.

É unha cidade ben agradable, cun metro que funciona estupendamente e unha chea de tranvías e autobuses que ata os viaxeiros do extremo noroeste foron quen de entender (e iso que todos rótulos e indicacións están en alemán, loxicamente).

A xente é amabilísima, ata o extremo de que, ante a cara de anguria dos viaxeiros do NW, preguntaban se necesitabamos algo (en inglés, por suposto). Non houbo ningún problema co idioma (o Xurxo é unha máquina co inglés) pois ata entenderon ó segredario cando lles preguntou, no seu inglés de indio siux, se sabían "onde había un supermercado pra compralo e comelo" (en serio)

A feira



É algo descomunal, fóra de toda comparación con algo coñecido.

Consta de 10 pavillóns enormes, algúns con 3 plantas, nos que se atopa todo o relacionado có mundo editorial. Os viaxeiros do NW sómentes estivemos nos pavillóns internacionais e no de BD. Non é posíbel visitala toda enteira nos días que está aberta, din que ten unha superficie aprox. á de 25 campos de fútbol.

CONCLUSIÓNS E REFLEXIÓNS SOBOR DO INTERESE DO EVENTO

Non é unha feira pra ilustradores. De feito non había ninguén con carpetas baixo o brazo como parece que hai en Bolonia.

A Frankfurt van os imprenteiros e os editores pra trapichear entre eles de compra e venda de libros, pero sen presenza visíbel dos autores.



COMO ASOCIACIÓN SI QUE É INTERESANTE ACUDIR ALI SEMPRE QUE SE POIDA POR VARIOS MOTIVOS, A SABER:

1º Case tódalas asociacións do estado van aló, e é un punto cojonudo pra verse, coñecerse, e coñecer a outras asociacións doutros países.

Como anécdota podemos suliñar que, nunha cena que fixemos os representantes das asociacións, había un ou dous por país, menos de España que había sete (non me vou meter en temas escabrosos de si España é un país ou un conglomerado de nacións conquistadas ¿eh?)

2º Cando estás no extranxeiro, todos os do teu país son amigos.

Ao poco de chegar falamos co presidente da AGE que nos propuxo facer unha reunión para esa mesma tarde! En ela nos comentou algunhos detalles de este ano pra cultural, que buscan consolidar, e nos comunicou a súa vontade de vernos de novo ali, (fixeron algo de autocrítica e nós tamén) polo que se volverán a poñer en contacto con nós, así que a nosa laboura diplomática parece cumprida.



O ministro de cultura, o presidente da AGE e o noso secretario, Suso Cubeiro.

3º Os políticos están encantados de atopar xente que fale na súa lingua, e sempre está ben ter boas relacións con eles (ver a foto do secretario có Ministro de Cultura)



bd galega

4º Hai que estar porque si, porque somos unha asociación seria e as asociacións serias van alí.

Cousas que hai que millorar pra outras voltas

-Por unha serie de erros, nos só levamos o catálogo de "cande". O catálogo foi un éxito, tanto que era deixar unha chea deles no stand e desaparecer nun plisplás.

Pero... o catálogo debería de ser trilingüe (galego, castelán e inglés). O de castelán poderíase pensar que sobra, pero se pensamos no LIBER, no LEERLEÓN e tódalas outras feiras de carácter estatal, veremos que é imprescindible, dado que nos imos vender e non

hai que porlle trabas ó que pretende comprar.

-Os catálogos deberían ir acompañados dun "CDROM" cunha presentación e un enlace á nosa pax. web.

-Por suposto que á vindeira volta debería ir na compañía do catálogo de BD, da Guía dos Ilustradores (trilingüe) e das Agpirinas (que non foron desta por mor dun fatal erro)

-Queda moi ben ter, no "stand", unha pantalla cun audiovisual (que xa está feito) cós traballos dos ilustradores.



o noso cande

A historia da viaxe

A primeira apreciación que debo hacer é que da gusto viaxar a países extraños con xente coma Xurxo. Fala o inglés que-te-cagas, incluso pasados uns días ata lle puña acento e todo. Feito iste recoñecemento, primordial e imprescindible, paso a contar o acontecido na nosa viaxe á capital financeira da UE.

Como xa dixen antes, é moi bo levar de compañeiro a un que entende de billetes electrónicos e que móvese por un aeroporto como calquera de nós nun bar de tapas. O vo faise ben. Os que lle temos pánico ó avión debemos tomar a precaución de doparnos con güisquí antes de saír e xa non hai problema.

No avión dan algo que lle chaman "menú". Bocata de xamón e cervexa que pode parecer algo normal ¡pois non! Hai un tipo (que Xurxo sabía del, que para algo é o vicepresidente) que diseña os menús de Iberia e algo tan sinxelo coma un bocata de xamón o convirte nuha paranoia: un pan recheo de pipas, si, de pipas daquilas que tomábamos no cine de sesión continua. Manda moito carallo. E creo que o tipo é famoso e todo. Unha vez tragado aquilo o comandante aterrou sen novidade e chegamos ó destino. Puta madre.



Era xoves e, mentras tentábamos de comunicarnos coa xente da EIF para ver se chegábamos á reunión ou, polo menos, á cea, dimos unha volta polo centro da cidade. Entre chamada e chamada chegamos a unha especie de feira de produtos ecolóxicos. Ben, a cervexa ecolóxica estaba moi boa e os "frankfurts" ecolóxicos tamén, pero estes últimos sonche pouco recomendábel para estómagos de fóra de Alemania. Ó día seguinte inda nos lembraban o bos que estaban.

En Alemania cómese ben e non mal de prezo. A cea coa xente da EIF andivo polos 20 eu. nun localíño ben cuidado, con velas e copa ó final. Coma en España.


Rematamos cedo, serían as 9 da noite, e quedamos todos para tomar unha copa antes de despedirnos... flush! Todos os europeos (ingleses, alemáns, italianos...) esfumáronse, e quedamos 1 rumana, 1 catalán, 2 valencianas, 1 madrileño e 2 galegos. As copas inda son máis baratas. Unha cervexa nun pub (de barrio, eso si) 1,20 eu.

O que é caro "de millonarios" é a Feira.

Ó día seguinte, cumprindo coa nosa "misión" achegámonos á feira. Como xa apuntei antes é algo monstruosamente grande que non se pode percorrer, mirándola toda, nin en tódolos días que está aberta. Nos achegámonos ata o "stand" dos da terriña para enterarnos un pouco de que iba a cousa.

Tivemos a sorte de que tiñan pensado dar viño e tapas gratis, pero claro, sempre que hai algo gratis xúntase todo o mundo. Ó pouco, galegos, cataláns, vascos, valencianos, casteláns e o resto das nacionalidades que forman o "pelello de touro" amáis dalgún alemán que outro, andabamos á pelexa tentando deconquerir un vaso de viño e algo que meter ó bandullo. O malo foi que debía de haber moitos





máis siareiros dos que estaban previstos, así que ó pouco tempo non había copas, nin viño, nin pan, nin sequer d'aquil chourizo que, por sorte, en vez de ser galego era de Salamanca.

Comer non comimos, pero istas feiras no extranxeiro valen, curiosamente, para relacionarse cós paisanos. Lonxe da terra todos aledámonos de vernos e as conversas son fluídas e cordiais. Luís Bará (da Xunta), Helena Torres (da Casa da Cultura de Pontevedra), Alfonso Suárez (de Rodeira e presidente da AGE) ou Iria Lago (de Toxos Outos) son algúns dos moitos paisanos que atopamos na feira amáis do Ministro de Cultura, César Antonio de Molina.

Dada a nosa proverbial perspicacia, aixiña dímonos de conta de que tiñamos deixar unha pegada da presenza da AGPI alí. Cargados cós catálogos de "Can de Palleiro" percorrímos os "stands" que nos pareceron máis interesantes, (ou máis exóticos), e fumos deixándolos ós respectivos responsábel. Asociacións de editores principalmente, tamén editores, países e rexións (e os cataláns omnipresentes como cultura invitada). Hai que dicir que a acollida, cáseque sempre foi moi boa, incluso houbo xente que subliñou autores coa intención de porse en contacto con eles (no caso de que unha editorial polaca ou iraniana tentara de porse en contacto con alguén xa sabedes de que vai a cousa). Os únicos que nos miraron cun certo desprezo foron uns franchutes dunha cojoeditorial de cómic que nin-me-lembro-como-se-chama.



No interior da feira

É de supoñer que todo ese despliegue de medios humanos, e materiais nos convertiu por un fugaz instante na asociación de ilustradores máis activa do mundo mundial, incluso demasiado, levados polo noso ímpetu comezabamos a repartir catálogos polos países africanos ata que nos recordaron que todo o orzamento do libro no seu país non sería suficiente para contratar a un dos nosos socios.




Frankfurter Buchmesse

Do stand galego, deseñado por ovo, decir que era dos máis chamativos, (os asiáticos non pararon de fotografiarse diante del), e tamén resultaba realmente acolledor con xente como Helena.

Seguindo a falar dos catálogos, os nosos de "Cande" foron un auténtico éxito no "stand" patrio. Todos os que puñamos desaparecerían ó día seguinte. Pero que quede claro que os nosos eran os únicos que desaparecerían ¡e había unha chea deles!



Diciá antes que o da feira é para millonarios. Ó millor que se pode hacer é ir ó "super", mercar algo dos embutidos cojonudos que venden en Alemaña e mercar na feira o que é a cervexa (por tomala fría) sabendo que has pagar entre 2,5 e 3,5 eu. por lata.



Ocio

O falar da feira xa non da máis de si, así que e millor recomendar ós futuros asistentes que visiten a terraza da Main Tower (creo que se pon así). Paga a pena. A entrada custa 4 eu. A continuación te cachean coma no aeroporto e pasas a un ascensor que sube a 40 Km/h. Impresionante. Despois saes cos oídos taponados (o segredario nin se atrevía a saír) a unha terraza circular, que ven ser o piso 57, e atopas á cidade ós pés. Ós do vértigo non se nos pasa o acojone ata que, ó baixar dous pisos, sentámonos na barra do bar/restaurante que teñen alí. Un luxo, tomar unha cervexa mentras ves a posta de sol no horizonte alemán.

Se o visitante a Frakfur leva por compañía a un Xurxo da vida, é recomendábel visitar o museu de Historia Natural. Alí poderedes flipar coas explicacións que vos dará sobor o Paleozoico, os trilobites ou os fósiles de escorpións xigantes, teima do que parece unha enciclopedia con pernas. Foi un placer que conto para provocar envexa, xa que non é doado atopar acompañantes coma él para visitar un museu dese tipo.



Hai moitas máis cousas que facer, polo que vimos nos folletos turísticos -ir ó zóo, dar unha volta no barco polo Máin, tomar algo nunha das afamadas discotecas tecno, ou visitar o barrio chinés- pero a feira non nos deixaba moito tempo libre e, por outra banda, acabas esgotado de dar voltas por ela e no único que pensas é na cama do hotel (e máis se xa tes unha idade coma a do segredario).

Na viaxe de volta sufrimos outra vez do menú de pan con pipas e alucinamos coma sempre coa arquitectura da T4. E xa, tras un pouco de apuro pra chegar ó avión de Santiago, aterramos en Lavacoia sen máis incidencias diñas de ter en conta.